

PROCESO PARTICIPATIVO

1ª FASE | INFORMATIVA | Informar sobre a realización do proxecto.

- **18 presentacións públicas comarcais.** Participaron un total de **215 persoas**, 187 mulleres e 28 homes.

2ª FASE | DIAGNOSE | Detección de necesidades en materia de igualdade de xénero a nivel local e provincial.

- **93 entrevistas** ao persoal das áreas de igualdade dos concellos.
- **65 entrevistas** ao persoal da Deputación.
- **849 participantes** na enquisa online.
- **18 foros** para a validación dunha DAFO comarcal. Participaron **136 persoas**, 124 mulleres e 12 homes.
- **45 foros** específicos para persoal político, asociacións e entidades de iniciativa social, e axentes chave da provincia. Participaron **165 persoas**, 105 mulleres e 60 homes.

3ª FASE | ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN | Concreción das áreas e as medidas de actuación específicas.

- **Foros de proposición e de priorización en cada comarca.** Participaron **188 persoas**, 167 mulleres e 21 homes.
- **Grupos de traballo interdepartamentais.** Participaron **36 persoas**, 30 mulleres e 6 homes.
- **Foro provincial.** Participaron **75 persoas**, 68 mulleres e 7 homes.


Para máis información a **DIAGNOSE E O PLAN DE ACCIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE DE XÉNERO NA PROVINCIA DA CORUÑA** están disponibles na páxina web de Compartimos Plan e da propia Deputación provincial.

www.compartimosplan.com

<https://www.dacoruna.gal/>



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS



COMPARTIMOS
plan



DIAGNOSE E

PLAN DE ACCIÓN

DAS POLÍTICAS DE
IGUALDADE DE XÉNERO

NA PROVINCIA

DA CORUÑA

[2019 — 2023]



COMPARTIMOS PLAN, proxecto marco de planificación estratéxica para o deseño da **Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero na Provincia da Coruña**, xorde da necesidade de afondar no coñecemento da situación das políticas de igualdade nos concellos, e de deseñar novas actuacións dirixidas a superar as desigualdades por razón de sexo e xénero. O seu nome busca destacar a idea de compartir a igualdade como valor e compartir un proxecto común. De aí que sexa un proxecto construído dende o territorio e con axentes do territorio.

PRINCIPIOS REITORES QUE INSPIRARON A SÚA ELABORACIÓN

Transversalidade de xénero | Integración da perspectiva de xénero en todas as políticas provinciais.

Participación | Metodoloxía vertebradora do deseño e implementación deste Plan.

Coordinación | Condición indispensable para realizar intervencións máis eficaces e acordos cunha utilización racional dos recursos.

Interseccionalidade e diversidade | Visión integradora que ademais do xénero contempla outras desigualdades.

Empoderamento das mulleres | Toma de conciencia do poder transformador que individual e colectivamente teñen as mulleres na sociedade.

ÁREA ESTRATÉXICA 1 | Transversalización do principio de igualdade en todas as políticas públicas da Deputación Provincial

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Integrar o enfoque de xénero en todas as accións desenvoltas pola Deputación da Coruña

A través desta área apóstase por integrar o enfoque de xénero en cada un dos servizos da Deputación, creando estruturas que permitan dinamizar as políticas de igualdade.

ÁREA ESTRATÉXICA 2 | Estratexia provincial de impulso das políticas de igualdade nos concellos

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Favorecer o desenvolvemento de políticas de igualdade nos concellos da provincia

Entre as medidas desta área destacan a creación dunha rede de concellos pola igualdade, a dotación de persoal técnico especializado para dinamizar no territorio as políticas de igualdade, ou a creación dunha escola de igualdade con formación específica.

ÁREA ESTRATÉXICA 3 | Cambio de valores para o fomento dunha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Promover na sociedade os valores de respecto á igualdade e á diversidade e o rexeitamento ás violencias machistas

Esta área abrangue medidas de sensibilización e formación coas que chegar a diferentes grupos de poboación e poder modelar un cambio real de valores nos ámbitos educativo, cultural, empresarial, tecido asociativo e entre a poboación en xeral.

ÁREA ESTRATÉXICA 4 | Igualdade de xénero no acceso ao mercado laboral

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Mellorar a empregabilidade e a autonomía das mulleres e promover un mercado laboral libre de fendas de xénero

Algunhas das medidas que se contemplan son a realización de cursos de capacitación profesional, o fomento de emprendemento e o autoemprego feminino ou medidas dirixidas a rachar coa segregación ocupacional no mercado laboral.

ÁREA ESTRATÉXICA 5 | Promoción do poder colectivo das mulleres

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Promover o empoderamento e a participación social das mulleres da provincia

As medidas desta área supoñen unha aposta por fomentar o crecemento persoal e colectivo das mulleres a través de programas de empoderamento e da creación de espazos de participación.

ÁREA ESTRATÉXICA 6 | Fomento dunha sociedade libre de violencias machistas

- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO** •

Mellorar a resposta institucional e social fronte as violencias machistas

Nesta áreaponse o foco en mellorar a resposta institucional fronte ás violencias machistas, fomentando a coordinación interinstitucional e incentivando o traballo de entidades e asociacións que traballan en favor da igualdade.